



# Estudo mozas/os inmigrantes *en Galicia*

ESTUDO MOZAS/OS INMIGRANTES EN GALICIA



Xunta de Galicia  
Secretaría Xeral  
de Emigración

# A MOCIDADE INMIGRANTE

## INTRODUCCIÓN

---

En Galiza, só se comezou a constituír a “mocidade inmigrante” nos últimos anos. Antes existían mozos/as inmigrantes como “estudantes estranxeiros“ ou como “obreiros inmigrantes”, pero non se definían socialmente de xeito específico na súa dobre condición de “ mozos e inmigrantes ”. Como mocidade, os mozos/as inmigrantes eran en certa maneira invisíbeis. Pero a súa visibilidade aumentou en tódolos ámbitos da vida social: o ensino, o traballo, os espazos de lecer, etc.

Seguindo a idea de Lenoir 1993, pode sinalarse que nos últimos anos comezaron a producirse a nivel estatal transformacións derivadas dun aumento significativo do número de inmigrantes mozos/as. Pero o proceso de “evocación”, é dicir de aparición nos medios de comunicación como mozos/as inmigrantes, tan só comezou por algúns conflitos que se produciron en espazos públicos. Podería dicirse que en 2002 comezaron os procesos de imposición nos debates públicos e lexitimación co recoñecemento desta realidade nova por parte das instancias oficiais.

A celebración dunhas xornadas do Instituto de la Juventud de España, Injuve, sobre “Inclusión social de los jóvenes inmigrantes”, novembro de 2002, apuntaba nese sentido. E na actualidade estase camiñando no sentido de institucionalización do fenómeno en diversas administracións que pechan o ciclo de formación da súa construción social.

Podíase reiniciar o argumento desde o que adoita ser un reflexo da constitución dun problema social: a aparición de estudos específicos sobre ese feito social. Por exemplo no ano 2002 no Estado español só había unha investigación que abordara a cuestión da poboación moza inmigrante. Era a elaborada por un equipo do Centre d'Estudis Demogràfics de Barcelona para a Generalitat de Catalunya na que explotaba o Padrón municipal de 1996 para Catalunya. Dos centos de teses presentadas nos tres congresos monográficos sobre inmigración celebrados no Estado español, só unhas das teses abordaba especificamente a cuestión da mocidade inmigrante.

O Instituto de la Juventud de España, Injuve publicou no ano 2003 “Inmigrantes juvenes en España, Sistema educativo y mercado de trabajo”. Este traballo estuda as características da mocidade inmigrante no Estado español.

No ano 2004, o “Informe Juventud en España” do Injuve, recolle unha parte dedicada a “Inmigrantes Jóvenes en España”, elaborado por Lorenzo Cachón Rodríguez, que utiliza datos do Instituto Nacional de Estadística, INE sobre o Padrón de habitantes de 2003 e a Enquisa de Poboación Activa, os datos de residentes inmigrantes que elabora o Ministerio do Interior, os afiliados a Seguridade Social, os datos de inmigrantes no sistema educativo do Ministerio de Educación. Tamén se utilizan os datos obtidos na enquisa do Informe Juventud en España, IJE2004, que por primeira vez incluíu unha pregunta sobre a nacionalidade dos mozos/as e o tempo de residencia no Estado. O resultado foi que apareceron 303 inmigrantes entre os 5.014 entrevistados, é dicir un 6% dos casos, e permitiu comparar os datos da mocidade inmigrante coa mocidade do Estado.

## ESTUDO MOZAS/OS INMIGRANTES EN GALICIA

Non é casualidade que a mocidade inmigrante se construíra nestes últimos anos. Tendo en conta o acontecido noutros países de Europa poderíase mesmo sinalar que será un dos retos máis importantes que haberá que afrontar nesta etapa. Se non se produciu antes é porque a mocidade inmigrante eran relativamente escasa e porque ou estaban no sistema escolar ou estaban no mundo laboral. A mocidade non tiña outra visibilidade como colectivo.

É agora cando comezan a aparecer outras dimensións da mocidade inmigrante, cando xa non son só estudantes ou traballadores, senón mocidade que crea fogares e familias e teñen fillos en Galiza, que teñen problemas de saúde, acoden a lugares de lecer e saen os fins de semana, que se organizan para xogar deportes colectivos, que se debaten nun conflito de identidades, que fan do consumo un espazo privilexiado da súa socialización, todo isto indica que se está a conformar a “ mocidade inmigrante “.

Desde a Secretaría Xeral de Emigración, valoramos a necesidade de realizar en Galiza unha estudo sobre este colectivo a través dunha enquisa ao propios inmigrantes mozos/as para coñecer a súa realidade social no noso país, diante da falta de estudos publicados que aborden a este colectivo en Galiza.

## **A POBOACIÓN INMIGRANTE EN GALIZA**

O noso país desde o ano 2000, está asumindo a chegada dun maior número de inmigrantes do que era habitual ao longo dos anos 80 do pasado século. Así o recollen as estatísticas tanto dos datos que figuran no Padrón municipal do Instituto Nacional de Estatística, INE, como do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais. Este fenómeno, en todo caso, en menor medida que noutros do Estado español.

En relación cos datos sobre inmigrantes debemos sinalar que os datos do Instituto Nacional de Estatística, INE, figuran os inmigrantes empadroados. Porén os datos do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais MTAS, só figuran os inmigrantes que posúen a residencia legal e non os irregulares, que si recolle o INE.

Se comparamos os datos do Padrón municipal entre 1998-2005 observamos un aumento continuado da poboación inmigrante en Galiza, con especial intensidade no trienio 2001-2003. Triplicándose a poboación que había entre 1998-2005 pasando de 19.693 inmigrantes no ano 1998 a 69.363 no ano 2005.

<b>1998</b>	<b>1999</b>	<b>2000</b>	<b>2001</b>	<b>2002</b>	<b>2003</b>	<b>2004</b>	<b>2005</b>
19.693	21.787	25.602	33.058	42.462	53.808	58.387	69.363

Se analizamos os datos de empadroados inmigrantes en 2005 que, como recolle o gráfico, ascendeu a 69.363, representa o 2,5 % da poboación galega empadroadada. Comparando co ano anterior a poboación inmigrante medra en Galiza un 18,2% respecto aos datos do Padrón de 2004, sendo este medre do 17;6% no caso das mulleres e do 18,9% no dos homes.

A nivel provincial Pontevedra é, non só e a provincia que acolle o maior número de inmigrantes con 27.160 persoas, senón tamén a que experimenta o crecemento máis elevado, cun medre de 4.543 persoas respecto aos datos do Padrón do ano anterior. Séguelle A Coruña, que tras un incremento do 3.808 inmigrantes, acolle un total de 23.753 persoas.

As provincias de Ourense e Lugo son as que contan cun menor número de inmigrantes empadroados con 11.321 e 6783, respectivamente. Atendendo á distribución provincial, Pontevedra e A Coruña acollen o 73,8% dos inmigrantes empadroados.

Na inmigración Galiza distínguese do conxunto do Estado español por ter unha inmigración máis feminizada, posto que as mulleres predominan representando o 52% dos inmigrantes.

Atendendo a nacionalidade da poboación inmigrante desde o ano 2002 as persoas de América do sur superan as persoas que proveñen de países da Europa, aínda que un total 16,8% dos inmigrantes empadroados teñen nacionalidade portuguesa, mentres que os de nacionalidade colombiana e arxentina supoñen o 12,0% e o 11,0%. Atendendo á importancia relativa no conxunto do Estado español, compre salientar que as persoas de nacionalidade portuguesa residentes en Galiza representan o 17,7% dos portugueses que empadroados no Estado español.

En relación coa nacionalidade dos inmigrantes tamén debemos destacar en comparación co resto do Estado español, a escasa presenza da inmigración africana é moi baixa 4,9% en comparación con outros lugares do Estado como Murcia 29% , Cataluña 24,8% ou Andalucía 23,7%.

Debemos ter en conta que no ano 2005 entre febreiro e maio, o goberno central realizou un proceso de normalización para aqueles inmigrantes irregulares que reunira unha serie de requisitos, como figurar empadroado en algún concello ou contar cunha proposta de traballo.

Neste proceso en Galiza presentáronse 6.574 solicitudes que corresponderon á provincia da Coruña 2.361, Pontevedra 2.766, Lugo 766 e Ourense 755.

### **Táboa comparativa con residencia en vigor segundo provincia e nacionalidade en 31/03/2005 e 7/05/2005 ( solicitudes presentadas proceso de normalización)**

	COLOMBIA 31/03/2005	COLOMBIA 7/05/2005	ARXENTINA 31/03/2005	ARXENTINA 7/05/2005	BRASIL 31/03/2005	BRASIL 7/05/2005	URUGUAI 31/03/2005	URUGUAI 7/05/2005
GALIZA	5.977	966	4.289	502	1.607	928	2.105	634
A CORUÑA	2189	252	1549	218	564	338	850	264
LUGO	838	157	307	32	157	141	110	29
OURENSE	763	110	394	33	188	124	55	14
PONTEVEDRA	2187	447	2039	219	698	325	1090	327

Fonte: Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais.

Na táboa comparativa entre os inmigrantes con residencia legal, a marzo de 2005 e as solicitudes presentadas no proceso de regularización maio de 2005, segundo a súa nacionalidade, destacan as solicitudes presentadas por inmigrantes procedentes de Colombia, Brasil, Uruguai e Arxentina. Tamén é destacábel o elevado número de solicitudes presentadas por inmigrantes procedentes de Brasil, o que amosa o medre nos últimos anos deste colectivo de inmigrantes en Galiza, sendo na cidade de Vigo na actualidade xa o colectivo máis

numeroso dos procedentes de América. Estes datos reafirman a importancia da inmigración procedente de América do Sur en Galiza.

Na análise da inmigración en Galiza, xa sinalamos a diferenza dos datos facilitados polo Instituto Nacional de Estatística INE e o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, MTAS, pero imos destacar os datos máis importantes dos publicados en xuño deste ano por parte da administración estatal.

Segundo o goberno central a 31 de xuño residen en Galiza legalmente **57.704 inmigrantes** distribuídos a nivel provincial: **Pontevedra 21.935, A Coruña 19.845, Ourense 8.864 e Lugo 7.060**, pero se comparamos cos datos de inmigrantes empadroados figuran en 2005, 69.363, polo que existe unha porcentaxe moi significativa de inmigrantes indocumentados que poderían chegar aos 11.000 inmigrantes irregulares só en Galiza.

## **A MOCIDADE INMIGRANTE**

Segundo o Boletín Estatístico de Estranxeiría e Inmigración, elaborado polo Observatorio Permanente de Inmigración, no Estado español hai 765.130 inmigrantes mozos/as entre os 16 e 29 anos, dos 2.804.303 inmigrantes con residencia legal. En Galiza residen 15.355 entre os 16 e 29 anos, dos cales máis da metade residen nas provincia de Pontevedra e A Coruña, 21.395 e 19.845 respectivamente.

Nestes datos só figuran aqueles inmigrantes que posúen permiso de residencia a 31 de xuño de 2006, non inclúe aqueles que están tramitando a renovación da súa documentación, nin aqueles inmigrantes irregulares.

	Total	De 0 a 15 anos	De 16 e 17 anos	De 18 e 19 anos	De 20 a 24 anos	De 25 a 29 anos	De 16 a 29 anos
<i>Galiza</i>	<b>57.704</b>	<b>5.854</b>	<b>1.254</b>	<b>1.360</b>	<b>4.633</b>	<b>8.108</b>	<b>15.355</b>
<i>A Coruña</i>	19.845	1.981	422	423	1.558	2.932	<b>5.335</b>
<i>Lugo</i>	7.060	852	202	209	702	1.011	<b>2.124</b>
<i>Ourense</i>	8.864	675	209	243	757	1.180	<b>2.389</b>
<i>Pontevedra</i>	21395	2.346	421	485	1.616	2.985	<b>5.507</b>

Fonte: Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais.

En relación aos grupos de idade debemos sinalar que os grupos máis numerosos son de 25 a 29 anos e 20-24 anos, como tamén acontece cos datos a nivel do Estado.

A nacionalidade máis numerosa entre a mocidade inmigrante é a procedente de Colombia na provincia de A Coruña, Lugo e Pontevedra. No caso de Ourense a procedente de Portugal.

Porén, os datos do Padrón municipal de 2005, recolle **20.842** mozos/as inmigrantes entre 15-29 anos, tamén destacando como os grupos de idade máis numerosos os de 20 a 24 e 25 a 29 anos.

Unha vez máis a comparación cos datos do Padrón danos unha cifra superior de inmigrantes neste caso sobre os/as mozos/as, que nos aproxima máis a realidade da inmigración da mocidade en Galiza, ao non ter en conta a situación legal do inmigrante.

Non podemos deixar de facer referencia nesta análise sobre a mocidade inmigrante en Galiza, ao ámbito educativo.

No ensino non universitario neste curso 2006 -2007, hai escolarizados 10.500 estudantes no ensino non universitario, o que supón un incremento do 14,58 %, con respecto ao curso pasado, no que a cifra era de 9.164. Así, na actualidade, a poboación inmigrante representa o 2,8 % total dos rapaces escolarizados no ensino non universitario.

O alumnado inmigrante concéntrase nos dous grandes ciclos educativos obrigatorios o Ensino Primario e a Educación Secundaria Obrigatoria (ESO).

O maior peso do alumnado inmigrante prodúcese na primaria, seguida de infantil e ESO. No resto das ensinanzas do ensino o peso dos inmigrantes é moito menor.

No ensino universitario desde o curso 1999-2000 prodúcese un aumento debido en grande medida ao aumento das becas “ Erasmus “ e a súa extensión a países europeos non comunitarios e ao incremento de mocidade inmigrante con autorización de estudante.

#### **EVOLUCIÓN DO ALUMNADO INMIGRANTE NO ENSINO NON UNIVERSITARIO.**

	2000/2001	2001/2002	2002/2003	2004/2005	2005/2006	2006/2007
Galiza	2.041	3.229	5.523	7.408	9.164	10.500

Fonte: Elaboración propia.

# Modelo da enquisa

**ESTUDO MOZAS/OS INMIGRANTES EN GALICIA**



**Xunta de Galicia**  
Secretaría Xeral  
de Emigración

1. Nome e apelidos:

2. Idade: \_\_\_\_\_ D.N.I./Pasaporte/Tarxeta de residencia: \_\_\_\_\_

3. Enderezo: \_\_\_\_\_

4. Localidade: \_\_\_\_\_ Provincia: \_\_\_\_\_

5. Lugar de nacemento: \_\_\_\_\_

6. Estado Civil

Solteira/o       Casada/o       Divorciada/o

7. Ten tarxeta de residencia       Si       Non

8. Ten tarxeta de residencia e traballo       Si       Non

9. Ten tarxeta de réxime comunitario       Si       Non

10. Ten nacionalidade española       Si       Non

11. Chegaches a Galiza?

Só Si  Non      Co teu grupo familiar  Si  Non       Outros Cal? \_\_\_\_\_

12. Como se compón ou teu grupo familiar:

Nai       Pai       Nai/pai/irmáns       Irmáns       Conxugue       Outros \_\_\_\_\_

13. Estudas?       Si       Non

14. Que estudos estas cursando: \_\_\_\_\_

15. Estudos rematados. Cal? \_\_\_\_\_

16. Traballas?       Si       Non

17. Profesión: \_\_\_\_\_

18. En que traballas? \_\_\_\_\_

Tipo de contrato: \_\_\_\_\_

19. Teu grupo de amigos é:

do teu país       do teu país e galegos       galegos       outros. Cales? \_\_\_\_\_

**ESTUDO MOZAS/OS INMIGRANTES EN GALICIA**

**20. A túa familia relaciónase con persoas**

- do teu país de procedencia       do teu país e galegos  
 só galegos       outros. Cales?: \_\_\_\_\_

**21. Cal é o teu próximo desprazamento emigratorio proxectado?**

- a.  Definitivo onde me atopo agora  
b.  Traslado a outro punto de Galicia  
c.  Retornar a meu país de orixe  
d.  A outra Comunidade Autónoma Española Cal? \_\_\_\_\_  
e.  A outro país. Cal? \_\_\_\_\_

**Cal sería o motivo do desprazamento?** \_\_\_\_\_

**22. Cal é o desprazamento emigratorio proxectado pola túa familia?**

- a.  Definitivo onde se atopa agora  
b.  Traslado a outro punto de Galicia  
c.  Retornar o seu país de orixe  
d.  A outra Comunidade Autónoma Española Cal? \_\_\_\_\_  
e.  A outro país. Cal? \_\_\_\_\_

**Cal sería o motivo do desprazamento?** \_\_\_\_\_

**23. Como avaliarías a túa integración na sociedade galega?**

- moi boa       boa       regular       mala       moi mala

**24. Participas dalgunha asociación de inmigrantes de teu país de orixe?**  Si     Non

**25. Cales son as túas afeccións do tempo libre.**

\_\_\_\_\_

**26. Como avaliarías o trato e respecto atopado na Galiza?**

- moi bo       bo       regular       malo       moi malo

**27. Sentes discriminación no traballo ou centro educativo por ser inmigrante**  Si     Non

**28. Pensas que a sociedade galega:**  Non é racista     É pouco racista     É moi racista

**29. A túa parella se a tes é?**  do teu país       de outro país       galego

# Gráficos estadísticos


**ESTUDO MOZAS/OS INMIGRANTES EN GALICIA**




**Xunta de Galicia**  
Secretaría Xeral  
de Emigración

## IDADE

Menor de 18 anos	1%
De 18- 21 anos	14%
De 22-26 anos	41%
De 27-30 anos	44%




## PAÍS DE PROCEDENCIA



## ESTUDO MOZAS/OS INMIGRANTES EN GALICIA


## ESTADO CIVIL

Solteiro	71%	
Casado	26%	
Divorciado	3%	



## TIPO DE AUTORIZACIÓN


Tarxeta de residencia	9%	
Tarxeta de residencia e traballo	44%	
Tarxeta de réxime comunitario	5%	
Ten nacionalidade	2%	
Irregular	40%	




## ESTUDO MOZAS/OS INMIGRANTES EN GALICIA

## CHEGACHES A GALIZA ?

Só	45%	<b>Outros: 18%. Amigos, noiva, tía, filla, nai, grupo musical.</b>
Co teu grupo familiar	37%	
Outros	18%	




## COMO SE COMPÓN O GRUPO FAMILIAR ?



## ESTUDAS?

Si	14%	
Non	86%	




## QUE ESTUDOS ESTAS CURSANDO?

**Do 14% que estuda e faino en:**

Ciclos formativos	7%	
Universidade	3%	
Idiomas	3%	
Secundaria	1%	

## ESTUDOS REMATADOS?


Primarios	27%	
Secundaria	26%	
Bacharelato	31%	
Ciclo formativo	8%	
Universidade	8%	



## ESTUDO MOZAS/OS INMIGRANTES EN GALICIA


## TRABALLAS?

Si	75%	
Non	25%	



## GRUPO OCUPACIONAL


Hostalería	24%	
Construcción	14%	
Servizo doméstico	12%	
Comercio	4%	
Técnicos	10%	
Administrativo	3%	
Alimentación	4%	
Profesionais	7%	
Sen profesión	22%	



## ESTUDO MOZAS/OS INMIGRANTES EN GALICIA


## EN QUE TRABALLAS?

Camareiro	20%
Péon/oficial construción	8%
Empregadas de fogar	12%
Cociñeira	4%
Mecánicos taller	7%
Panadería	8%
Desempregados	25%
Mudanzas	6%
Canteiro	2%
Repartidor/Dependente	4%
Pintor	4%



## TIPO DE CONTRATO?


Indefinido	8%
Temporal	47%
Sen contrato	20%
Desempregado	25%



## ESTUDO MOZAS/OS INMIGRANTES EN GALICIA


## O TEU GRUPO DE AMIGOS?

Do teu país	16%
Do teu país e galegos	72%
Galegos	10%
Outros	2%




## A TÚA FAMILIA RELACIONASE CON PERSOAS?

Do teu país de procedencia	16%
Do teu país e galegos	78%
Só galegos	5%
Outros	1%




## CAL É O TEU PRÓXIMO DESPRAZAMENTO EMIGRATORIO PROXECTADO?

Definitivo onde me atopo agora	64%	<b>O motivo principal para mudar do lugar de residencia actual sería pola situación laboral, se non teñen posibilidades de emprego iría a outro punto.</b>
Traslado a outro punto de Galiza	11%	
Retornar ao meu país de orixe	12%	
A outra comunidade autónoma	7%	
A outro país	0%	
Non saben	6%	




## CAL É O DESPRAZAMENTO EMIGRATORIA PROXECTADO POLA FAMILIA?

Definitivo onde se atopo agora	59%	<b>O motivo principal é o mesmo que para a pregunta anterior, mudarían do lugar de residencia actual, se non teñen posibilidades de emprego aquí.</b>
Traslado a outro punto de Galiza	5%	
Retornar ao seu país de orixe	10%	
A outra comunidade autónoma	7%	
A outro país	0%	
Non saben	19%	




## COMO AVALARIAS A TÚA INTEGRACIÓN NA SOCIEDADE GALEGA?

Moi boa	10%
Boa	62%
Regular	28%
Mala	0%
Moi mala	0%



## PARTICIPAS DALGUNHA ASOCIACIÓN DE INMIGRANTES DO TEU PAÍS?

Si	13%
Non	87%




## CALES SON AS AFECCIÓNS NO TEMPO LIBRE?

Segundo as respostas recollidas nas enquisas a maioría dos mozos/as inmigrantes practican algún deporte no seu tempo libre, principalmente os mozos fútbol. Tamén, destaca como actividades principais a lectura e escoitar música.

## ESTUDO MOZAS/OS INMIGRANTES EN GALICIA


## COMO VALORARÍAS O TRATO E RESPETO ATOPADO EN GALIZA ?

Moi bo	15%
Bo	58%
Regular	27%
Malo	0%
Moi malo	0%




## SENTES DISCRIMINACIÓN NO TRABALLO OU CENTRO POR SER INMIGRANTE?

Si	30%
Non	58%
Ns/nc	12%





## ESTUDO MOZAS/OS INMIGRANTES EN GALICIA

## PENSAS QUE A SOCIEDADE GALEGA É RACISTA?



## A TÚA PARELLA SE A TES É DE ?



## COMENTARIOS SOBRE AS RESPOSTAS DA ENQUISA

---

### **IDADE**

Esta enquisa realizouse entre 303 inmigrantes mozos/as con residencia fixada en Galiza, realizándose en todo o país, pero nun maior número nas provincias de Pontevedra e A Coruña, por ser onde se concentra a maioría da inmigración.

Na distribución por grupos de idade destaca os grupos de 22-26 e 27-30 anos, que representa o 85% dos enquisados.

Estes datos coinciden cos datos que recolle tanto o Instituto Nacional de Estatística, INE e o Ministerio de Tráballo e Asuntos Sociais, MTAS, sobre a composición dos grupos de idade dos mozos/as inmigrantes que tamén reflicten que os grupo máis numerosos está desde os 22 até os 30 anos.

### **PAÍS DE PROCEDENCIA**

Na enquisa figuran como os países de maior procedencia da mocidade inmigrante, por esta orde Brasil, Arxentina, Uruguai e Colombia.

Debemos destacar o elevado número de brasileiros/as mozos/as que participaron na enquisa un 27% , que sinala o aumento da inmigración desde Brasil cara o noso país.

A enquisa tamén amosa a presenza da inmigración de América do Sur, un 69 % dos enquisados proceden de Brasil, Arxentina, Uruguai, Colombia, Venezuela, Bolivia, Ecuador, na mocidade inmigrante en Galiza, dato que tamén confirmar outras fontes como o INE ou o MTAS.

### **ESTADO CIVIL**

En relación co estado civil da mocidade inmigrante nela destaca que o 71% dos mozos/as inmigrantes son solteiros e só un 26% casados. Así mesmo, podemos sinalar que unha elevada proporción da mocidade inmigrante vive en parella.

### **TIPO DE AUTORIZACIÓN**

O 44% dos mozos/as inmigrantes enquisados, posúen permiso de traballo e residencia. A maioría da inmigración e económica polo que a mocidade inmigrante procura incorporarse ao mundo laboral, a maior brevidade.

Na enquisa tamén destaca que o 40% da mocidade inmigrante atópase en situación irregular. Destes mozos/as inmigrantes irregulares os que traballan fano como man de obra barata.

## **CHEGACHES A GALIZA**

Un 45 % dos mozos/as inmigrantes sinalan que chegaron sós pero tamén destaca un 37% que chegaron co grupo familiar.

A elevada porcentaxe de inmigrantes que chegaron co grupo familiar é lóxica se falamos de xente nova que chegou a temperá idade, onde emigrou toda a familia ou o cabeza de familia.

## **COMO SE COMPÓN O GRUPO FAMILIAR**

Nesta pregunta déronse moito tipo de respostas, debido a que as familias en moitas ocasións por causa da inmigración, están divididas entres o país de orixe e o lugar de acollida.

En todo caso destacan os grupos familiares formados por nai/pai /irmáns cun 19%, cónxuxe 16% e cónxuxe/fillo/a cun 14%.

## **ESTUDAS**

Un 86% dos mozos/as inmigrantes non estudan e só un 14% estuda. Como sinalamos anteriormente a inmigración é económica e polo tanto ter un emprego é unha prioridade, tamén se dá a circunstancia unha parte da mocidade inmigrante xa chega cos estudos concluídos, pendentos da posterior homologación.

## **ESTUDOS REMATADOS**

Só un 8% dos mozos/as inmigrantes teñen estudos universitarios, o que é unha porcentaxe bastante baixa.

Destacan cun 27% e 26 % os/as mozos/as inmigrantes con estudos primarios e secundarios.

Tamén é significativo que un 31% dos mozos/as inmigrantes teñen estudos postobrigatorios como é o bacharelato.

## **QUE ESTUDOS ESTÁS CURSANDO**

Só un 14% dos mozos/as inmigrantes afirma estar estudando, destes un 7% realiza algún ciclo formativo nalgún centro de Formación Profesional.

## **TRABALLAS**

O 75 % dos mozos/as inmigrantes traballa e só un 25% non. Polo que podemos deducir, que a mocidade inmigrante se incorpora ao mundo laboral antes que un mozo/a galego/a.

## **GRUPO OCUPACIONAL**

O sector servizos ocupa a un 40% dos mozos/as inmigrantes, dos cales un 24 % traballa no sector da hostalería, un 12% no servizo domestico e 4% no sector comercio. Tamén destaca cun 14 % o sector da construción.

É significativo o dato que un 22% dos mozos/as inmigrantes carecen dunha profesión definida, que se debe ou á falta de formación en moitos casos ou falta de experiencia laboral noutros, algo lóxico nestas idades.

## **EN QUE TRABALLAS**

Na anterior pregunta queriamos definir os grupos ou sectores profesionais onde está ocupada a mocidade inmigrante. Nesta resposta detallamos cales son as profesionais onde está traballando a mocidade inmigrante.

No sector da hostalería destaca os traballos de camareiro/a cun 20% e cociñeiro/a cun 4 %. As empregadas de fogar cun 12%. No sector da construción, peón/oficial un 8% , canteiro 4% e pintor 4%.

## **TIPO DE CONTRATO**

En relación co tipo de contrato que ten a mocidade inmigrante traballadora, un 47 % ten contratos temporais, tamén na enquisa destaca o elevado número de mozos/as inmigrantes sen contrato que chega ao 20%.

Polo tanto pódese sinalar que os dous trazos dos contratos laborais da mocidade inmigrante son : unha elevada proporción con contratación temporal e outra sen contrato.

## **O TEU GRUPO DE AMIGOS**

A mocidade inmigrante relaciónase con compatriotas pero tamén con galegos, como sinala está enquisa, onde un 72% sinala que o seu grupo de amigos/as esta formado por compatriotas e galegos e un 10% só por galegos/as.

Estes datos sinalan un elevado nivel de integración da mocidade inmigrante na sociedade galega, o que debe permitir evitar no futuro situacións de marxinação e xenofobia.

## **A TÚA FAMILIA RELACIONASE CON PERSOAS**

Os familiares dos mozos/as inmigrantes relaciónanse cos mesmos grupos de persoas que a mocidade, como así o indican os datos da enquisa. Un 78% relaciónanse con persoas do seu país e galegos/as.

## **CAL É O TEU PRÓXIMO DESPRAZAMENTO EMIGRATORIO PROXECTADO**

Un 64% dos mozos/as inmigrantes enquisados sinala que fixará de maneira definitiva a súa residencia onde se atopa agora e só un 12% regresaría ao seu país de orixe.

Estas respostas débense valorar con certa prudencia, debido a dificultade de dar unha resposta clara a unha pregunta difícil de responder cando non teñen definido cal será o seu futuro. En todo caso nas respostas sinalan que o motivo para mudar de lugar de residencia sería a falta de emprego.

## **CAL É O DESPRAZAMENTO EMIGRATORIO PROXECTADO POLA FAMILIA.**

Un 59 % sinala que a súa familia ten proxectado ficar de xeito definitivo onde se atopa agora, pero é significativo que un 19% non o teña definido.

## **COMO AVALARIAS A TÚA INTEGRACIÓN NA SOCIEDADE GALEGA**

Un 62% da mocidade inmigrante valora como boa a súa integración na sociedade galega e un 28 % regular.

Non houbo ningún dos mozos/as inmigrantes que sinalara como mala ou moi mala a súa integración na sociedade.

## **PARTICIPAS DALGUNHA ASOCIACIÓN DE INMIGRANTES DO TEU PAÍS**

Un 87% dos mozos/as inmigrantes sinala que non participa en ningunha asociación de inmigrantes do seu país e tan só un 13% participa.

Estes datos confirman o escaso nivel de asociacionismo do colectivo de inmigrantes mozos/as en entidades asociativas do seu país de orixe.

## **CALES SON AS AFECCIÓNS NO TEMPO LIBRE**

As respostas recollidas inciden en que a mocidade inmigrante practica bastante deporte, especialmente fútbol. Outras actividade de ocio que máis lles gustan: escoitar música, pasear, ler.

## **COMO VALORARÍAS O TRATO E RESPETO ATOPADO EN GALIZA**

Un 58% valora que o trato recibido é bo e un 27% regular, non hai ningunha resposta que afirme que o trato foi malo ou moi malo.

### **SINTES DISCRIMINACIÓN NO TRABALLO OU CENTRO POR SER INMIGRANTE.**

Un 58% manifesta non ter sufrido discriminación no traballo ou no centro de ensino, pero un 30% si e un 12% non sabe ou non contesta.

Os/as mozos/as inmigrantes sinalan que observan estas actitudes de discriminación, sobre todo no período inicial de incorporación ao mundo laboral.

### **PENSAS QUE A SOCIEDADE GALEGA É RACISTA**

Un 59% manifesta que algo racista e un 3% que é moi racista, mentres un 38% afirma que non é racista.

Polo tanto, un 61% valora dos mozos/as inmigrantes que os galegos/as son algo ou moi racistas, sendo unha porcentaxe elevada. Isto indica que a mocidade inmigrante percebe actitudes racistas.

Polo tanto podemos concluír a necesidade de realizar estudos máis específicos neste aspecto tanto entre a poboación inmigrante como na galega e a realización de campañas de sensibilización contra a xenofobia e o racismo, sobre todo entre a mocidade galega no ámbito educativo.

### **A TÚA PARELLA SE A TES É DE...**

Un 42% a súa parella sentimental é do seu país e un 31% a súa parella é galega. Podemos sinalar a alta porcentaxe de parellas mixtas entre galegos/as e inmigrantes, que tamén se reflicte posteriormente no aumento dos casamentos mixtos experimentado nos últimos anos.